

## FICHA TÉCNICA

### INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA BARBANZA E IRIA

**Creación:** Por Orde do 11 de decembro de 2006 da Consellería de Medio Rural pola que se recoñece a indicación xeográfica Viño da Terra de Barbanza e Iria e se establecen as normas de utilización nos viños de mesa producidos nesta área xeográfica. Corrección de erros do 7 de febreiro de 2007.

**Regulamentación:** Orde do 11 de decembro de 2006 da Consellería de Medio Rural pola que se recoñece a indicación xeográfica Viño da Terra de Barbanza e Iria e se establecen as normas de utilización nos viños de mesa producidos nesta área xeográfica (DOG núm. 241 do 18.12.2006, corrección de erros no DOG núm. 27, do 7.02.2007). Modificada por: Orde do 28 de abril de 2008 (DOG núm. 89, do 9.05.2008) e Orde do 1 de febreiro de 2012 (DOG núm. 31, do 14.02.2012).

Prego de condicións: publicada a última comunicación de aprobación de modificación no DOUE C-428 do 20.12.2019.

**Enderezo:** Avda. do Camiño Francés, 10, baixo  
15703 Santiago de Compostela  
Tel: 881 997 279  
correo electrónico: [agacal.certificacion@xunta.gal](mailto:agacal.certificacion@xunta.gal)

#### Rexistros a 31 de decembro de 2021:


Superficie en producción:	8,6 ha
Viticultores:	12
Industrias:	5

## Volume de actividade no ano 2021:

Produción uva:	66.539 kg
Viño cualificado :	34.001 l
Valor económico estimado:	136.000 €

## Zona amparada pola IXP Barbanza e Iria

A zona amparada pola Indicación Xeográfica Protexida Barbanza e Iria está constituída polas terras aptas para a produción de uva dos concellos de Boiro, Catoira, Dodro, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Rianxo, Ribeira e Valga, así como as parroquias de Camboño, Fruíme e Tállara do concello de Lousame; as parroquias de Iria Flavia e Padrón, do concello de Padrón; e as parroquias de Baroña, Caamaño, Queiruga, Ribasieira, San Pedro de Muro e Xuño, do concello de Porto do Son.



## **Características dos viños da IXP Barbanza e Iria**

Os viños obtidos son lixeiros, limpos, brillantes e cunha cor intensa na fase visual; con aromas francas, nas que se aprecian as características propias da materia prima da que proceden, con graduacións alcohólicas moderadas, con aromas florais e de froitas; na boca son suaves, frescos, saborosos e equilibrados e ó final con pequenos toques de acidez.

## **Variedades de uva da IXP Barbanza e Iria**

- **Brancas:** albariño, caíño branco, godello, loureiro branco (loureira ou marqués), treixadura, branco lexítimo (albarín blanco), agudelo (chenín blanco) e torrontés.
- **Tintas:** brancellao, caíño tinto, espadeiro, loureiro tinto, mencía, merenzao e sousón.

## **Tipos de viños amparados:**

Elabóranse viños brancos e tintos. Os monovarietais deben ter unha graduación alcohólica mínima do 11% vol. Os restantes viños deberán ter unha graduación alcohólica mínima do 10% en volume.

